

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión ordinaria do Pleno do Concello 29.05.2014	Ref. 06/2014
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO 29 DE MAIO DE 2014

No Salón de actos do Concello de Mos, sendo as 18:00 horas do día 29 de maio de 2014, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión ordinaria segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D^a. M^a Raquel Monzón Otero
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez
D. Isidoro José Táboas Moldes

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D. Alfonso Parada Fernández
D. Tomás García Morgadas
D^a Delfina Rodríguez Lorenzo
D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Gerardo Guisande Alonso

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso
D^a. M^a del Carmen Vila Blanco

Secretario accidental,
Víctor Rodríguez Pérez

Interventor,
Sergio Rodríguez Pérez

1. Aprobación dos borradores das actas sesións anteriores (24 e 29 de abril).

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; primeiramente a acta da sesión celebradas con data 24 de abril de 2014

Non habendo alegación procedese á súa votación ordinaria, aprobándose por unanimidade dos membros da Corporación.

A continuación a presidente pregunta si hai algunha alegación a acta do 29 de abril de 2014.

A Sra. Rodríguez Lorenzo, advirte que hai un erro que se trata dunha sesión extraordinaria e que se celebrou o 29 de abril non o 28.

Seguidamente procedese a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta do 29 de abril de 2014

2. Acordo cambio do plan de pensións dos empregados públicos do Concello de Mos.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 22 de maio de 2014.

Non habendo intervencións, o Sra. a Presidenta, somete o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Cambiar o Plan de Pensións dos empregados públicos do Concello de Mos que actualmente está subscrito coa Entidade Caixanova Vida y Pensiones e adherirse ao Plan de AEGÓN SEGUROS Y REASEGUROS DE VIDA AHORRO E INVERSIONES S.A.U. mantendo as condicións anteriores en canto aos beneficiarios e as achegas municipais tendo en contar a dispoñibilidade orzamentaria.

Segundo.- Que se leven a cabo os trámites oportunos para facer efectivo o mesmo.

3. Ordenanza fiscal reguladora do prezo público da Radio Municipal.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 22 de maio de 2014.

Intervén o Sr. Parada Fernández, dicindo que este proceso non se está facendo polo orden correcto é dicir que primeiro deberíase aprobar a ordenanza, pero que de todas maneiras seguen desexando que o funcionamento sexa o mais accesible para todo o mundo e que sexa a radio de tódolos veciños de Mos.

O Sr. Aldea Moscoso, di que se absteñen hasta que se clarifique a situación da radio.

O Sr. Soto Abadín di que manteñen a súa proposta xa que unha vez que funciona a radio municipal o normal é que se autofinancie.

A continuación sometese o acordo a votación ordinaria, e por maioría, cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) , coa abstención do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Acordar a imposición e o texto da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola realización de actividades de difusión publicitaria de radio municipal de Mos co seguinte texto:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DEL PRECIO PÚBLICO POR LA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN PUBLICITARIA EN LA EMISORA DE RADIO MUNICIPAL DE MOS

ARTÍCULO 1.- CONCEPTO

De conformidad con lo previsto en el Art. 127, en relación con el Art. 41 a 47 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Ayuntamiento establece el precio público por la realización de actividades de difusión publicitaria en la emisora de radio municipal, cuyas normas reguladoras se contienen en la presente Ordenanza.

ARTÍCULO 2.- OBLIGADOS AL PAGO

Están obligados al pago del precio público regulado en esta Ordenanza quienes se beneficien de los servicios de difusión publicitaria en la emisora de radio municipal.

ARTÍCULO 3.- CUANTÍA

La cuantía del precio público regulado en esta Ordenanza serán las fijadas en las tarifas contenidas en este artículo para cada uno de los diferentes servicios o actividades y siempre se considerarán como precio máximo, I.V.A. excluido, pudiéndose efectuar descuentos a los usuarios en función de volúmenes o paquetes:

Epígrafe primero: En programación general:

A) Matinal

Cuña de 20 segundos 3 euros

Cada segundo de más 0,5 euros

Cuña de un 1 minuto 6 euros

Microespacio de 1 a 3 minutos 44,83 €.

Microespacio de 3 a 5 minutos 58,01 €.

B) Tarde

Cuña de 20 segundos 3 euros

Cada segundo de más 0,5 euros

Cuña de un 1 minuto 6 euros

Microespacio de 1 a 3 minutos 44,86 €.

Microespacio de 3 a 5 minutos 58,01 €.

2

D) En transmisiones deportivas se aplicara la tarifa de programas patrocinados

Epígrafe tercero: Publicidad en programas patrocinados:

A) En programas realizados por la propia emisora 266,31 Euros por cada hora o fracción de programa.

B) En programas realizados por agencias se aplicarán las tarifas previstas en los epígrafes 1 y 2 según el tiempo en que se difunde la publicidad, salvo en lo que la agencia tenga contratado un paquete fijo de publicidad. Los programas realizados por las agencias deberán entregarse terminados y enviados por un sistema FTP a la emisora

Epígrafe cuarto: Publicidad por medio de agencias:

En las órdenes de publicidad realizadas por agencias, las tarifas podrán llevar un descuento del 25 por 100 sobre las tarifas anteriores, cuando se trata de contrataciones puntuales.

Las agencias deberán aportar copia cotejada de su alta en el IAE

2.- PAQUETES DE PUBLICIDAD

Las agencias debidamente autorizadas y dadas de alta en los epígrafes correspondientes podrán además contratar paquetes de publicidad fijos mensuales, en los que insertar las cuñas de sus anunciantes. Estos paquetes se contratarán como mínimo por 3 meses.

Hasta 1500 minutos mes: 300 euros

De 1500 a 2700 minutos mes: 600 euros

De 2700 a 3500 minutos mes: 1000 euros

Neste caso procederase ao abono con carácter mensual prorrateando o importe total.

3

En caso de contratación de la gestión las tarifas anteriormente indicadas servirán de base para la licitación.

ARTÍCULO 4.- NACIMIENTO DE LA OBLIGACIÓN

1.-La obligación del pago del precio público regulado en esta Ordenanza nace desde la aceptación de la orden de publicidad.

2.- El pago del precio público correspondiente se realizará una vez presentada la solicitud y antes del inicio de la actuación o el expediente correspondiente, el cual no se tramitará hasta que se haya efectuado el ingreso del importe del precio público. En caso de que una agencia o particular contrate por espacio de más de un mes

estara obrigado a abonar la publicidade al inicio de cada mes

Cuando las solicitudes de autorización o licencia fueran denegadas, procederá la devolución de las cantidades ingresadas, aplicándose el procedimiento legalmente establecido.

ARTÍCULO 5.- NORMAS DE GESTIÓN

1. Las tarifas de las cuñas se entienden sin determinación del horario y serán radiadas en rotación, en los espacios previstos por la emisora. Si se determina su radiación en un espacio concreto, las tarifas señaladas en los epígrafes anteriores se podrán ver incrementadas en un 20 por 100.
2. En la publicidad donde se mencionen firmas comerciales, marcas o productos ajenos al anunciante, se podrá incrementar el precio de la tarifa en un 10 por 100 por cada uno de ellos.
3. Los gastos de producción de cuñas, microespacios y programas serán por cuenta del anunciante o agencia.
4. Para el caso de licitación en la gestión publicitaria se tomará como descuentos para el epígrafe 5º el que resulte del acuerdo de adjudicación.

DISPOSICIÓN FINAL.

La presente Ordenanza entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir de dicho día, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Segundo.- Someter ao trámite de información pública e audiencia aos interesados a referida aprobación por un prazo de 30 días mediante inserción de anuncio no BOP Pontevedra e nun dos diarios de maior difusión da provincia ao efectos de presentación de reclamacións e suxerencias entendéndose adoptado definitivamente o acordo en caso de non presentación das mesmas.

4. Modificación das condicións financeiras do préstamo RDLeo 4/2012.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 22 de maio de 2014.

O Sr. Parada Fernández di que o seu grupo votará en contra, xa que non están de acordo con cal foi o sistema ao que se acolleu o Concello que non é a mais beneficiosa para os veciños de Mos.

O Sr. Aldea Moscoso di que se absterán xa que consideran que isto e bo para o Concello pero non sabe que uso fará o goberno, que o seu grupo aposta pola terceira opción xa que así reducen os intereses directamente e que a súa proposta e que se rebaixen os impostos na mesma proporción, que lle parece que é unha vergoña que non se sepa a que tipo de interese se vai pagar.

O Sr. Soto Abadín consideran que a B é a mais beneficiosa para o Concello xa que da un ano de carencia mais e que evidentemente deberá recaer nos veciños de Mos.

Tras o debate, pola presidencia, sometese o acordo a votación ordinaria, e por maioría, cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) , co voto en contra do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e a abstención do grupo municipal do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

UNICO.- Aprobar a solicitude de ampliación do período de carencia en 1 ano máis, mantendo o inicial de amortización de 10 anos, e redución intermedia do tipo de xuro aplicable sobre Euribor a 3 meses e aceptar as condicións e compromisos marcados pola Resolución de 13 de maio de 2014, de la Secretaría Xeneral de Coordinación Autonómica e Local e en concreto:

- Aprobar a adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado de acordo co previsto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Aprobar a adhesión á plataforma Emprende en 3 prevista no Acordo do Consello de Ministros para impulsar e axilizar os trámites para o inicio da actividade empresarial de 24 de maio de 2013.
- Proceder á substitución inmediata de, polo menos, un 30 por cento das vixentes autorizacións e licenzas de actividade económica por declaracións responsables, de acordo co previsto na Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado e proceder á elaboración de informe de avaliación das normas da entidade local que deben modificarse por resultar incompatibles coa leei 20/2013, de 9 de decembro, de acordo coas directrices fixadas polo Consello para a unidade de mercado.

5. Prórroga do contrato de cesión do dereito de superficie ca empresa INTEGASA e revisión do Canon anual

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 22 de maio de 2014.

O Sr. Parada Fernández di que votarán en contra non por que non estén de acordo con que se prorrogue, senón que o están no feito das entregas a conta xa que son pan para hoxe e fame para mañá.

O Sr. Aldea Moscoso corrobora o expresado xa polo voceiro do P.S.deG.-P.S.O.E.

O Sr. Soto Abadín manifesta que é importante para o Concello e para empresa esta negociación.

Tras o debate, pola presidencia, sometese o acordo a votación ordinaria, e por maioría, cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) , co voto en contra do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aceptar a proposta da empresa INTEGASA de prórroga do contrato nas mesmas condicións e por un novo prazo de 25 anos, e a partir da data de 01.01.2018 e ata a o 31.12.2042.

Segundo.- Revisar o canon contractual que a entidade ven abonando, que pasa a ser de 10.053,13 €, así como o pago anticipado correspondentes aos anos 2015, 2016 e 2017 por importe total de 30.159,39 € e con efectos a partir da data de notificación do presente acordo.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado.

6. Solicitud de desafección da vivenda do Colexio Mestre Martínez Alonso (inmable nº 129)

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 22 de maio de 2014.

Non habendo intervencións, a Sra. Presidenta, somete o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia a desafectación do inmable de titularidade pública localizado no número 129 do Colexio "Mestre Martínez Alonso", na parroquia de Mos deste municipio, para a súa

posterior cesión ao Concello de Mos con finalidade social.

Segundo.- Notificar o presente acordo á Consellería de Educación da Xunta de Galicia aos efectos sinalados e outros que legalmente procedan.

7. Aprobación das “Bases para a selección de adxudicatarios do dereito de aluguer de diversas vivendas de titularidade municipal sita na Urbanización de San Eleuterio.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Benestar Social, celebrada o 22 de maio de 2014.

O Sr. Parada Fernández advirte o erro do punto B dos requisitos de participación que en vez de 10.65,02 é 1.65,02 E (2 veces o Iprem).

Non habendo mais intervencións, a Sra. Presidenta, somete o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as Bases para a selección de adxudicatario do dereito de aluguer das seguintes vivendas de titularidade municipal sitas na urbanización de San Eleuterio:

- .- E2 Baixo B
- .- E1 Bajo B
- .- E1 1ºB

BASES PARA A SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DO DEREITO DE ALUGUER de DIVERSAS VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITUADAS NA URBANIZACIÓN DE SAN ELEUTERIO.

I.- DISPOSICIÓN XERAIS

PRIMEIRA.—OBXETO

1. As presentes bases teñen como obxeto a regulación do procedemento de selección dos adxudicatarios do dereito de aluguer de 3 vivendas de titularidade municipal situadas na urbanización de San Eleuterio, respetando os principios de publicidade, concorrencia pública e transparencia.

SEGUNDA.—RÉXIME DE ADXUDICACIÓN DAS VIVENDAS E DESTINO

1. A adxudicación de vivendas obxeto das presentes bases realizarase en réxime de aluguer.
2. A renda inicial anual para cada vivenda será a determinada no Anexo II.
3. As vivendas destinaranse a domicilio habitual e permanente dos adxudicatarios.

TERCEIRA.—RÉXIME XURÍDICO

1. O procedemento de selección de adxudicatarios rexirase polas presentes normas e subsidiariamente pola lexislación administrativa, en especial pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Asimesmo, como lexislación específica, resultan de aplicación as seguintes normas en materia de vivenda protexida:

Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.

Decreto 253/2007, de 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Real decreto 2066/2008, de 12 de decembro, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

Decreto 402/2009, de 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, de 12 de decembro, para o período 2009-2012, modificado polo Real decreto 1713/2010, de 17 de decembro.

CUARTA.—CONDICIÓN DAS VIVENDAS A ADXUDICAR

As vivendas obxeto destas bases son vivendas de titularidade pública.

QUINTA.—DEFINICIÓN

Ós efectos das presentes Bases entenderase por **unidade familiar ou de convivencia** a definida no artigo 3 do Decreto 253/2007 do 13 de Decembro de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, isto é:

- a) A formada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber, polos seus descendentes e ascendentes que convivan con eles.
- b) As unións de feito que estean inscritas no rexistro correspondente.
- c) Nos casos de separación legal, viuvez ou familia monoparental, a formada polos respectivos titulares das unións familiares ou de convivencia e, se os houber, polos seus descendentes e ascendentes que convivan con eles.
- d) As persoas maiores de idade ou menores emancipadas integradas nunha unidade familiar ou de convivencia que manifesten o seu desexo de se independizar, e acrediten capacidade económica propia nos termos esixidos por este Decreto.

Non terán a condición de membros da unidade familiar ou de convivencia as persoas que figuren como titulares ou membros doutras unidades que formulen solicitude separada no mesmo procedemento.

2. Entendense por **ingresos familiares** os ingresos líquidos totais da unidade familiar nos seis meses anteriores a data da publicación destas bases, entendendo como ingresos as rendas de traballo, pensións, prestacións ou calquera outro ingreso que non se considere finalista.

II- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN NO PRESENTE PROCEDEMENTO

SEXTA.—REQUISITOS DOS ADXUDICATARIOS DAS VIVENDAS

1. Toda vez que nos atopamos ante vivendas de promoción pública, de conformidade co disposto no artigo 10 do citado Decreto 253/2007, poderán acceder ás vivendas obxeto das presentes bases as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar reúnan os seguintes requisitos:

- A. Atoparse inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivendas de Promoción Pública, coas excepcións previstas no propio Decreto.
- B. Acreditar que a unidade familiar ten uns ingresos nos seis meses anteriores comprendidos entre 2.396,28 € (Subsidio básico da renda de integración social de Galicia por seis mensualidades) e 1.065,02 € (2 veces o Iprem) por seis mensualidades.
- C. Carecer, ou ter perdido o uso, de vivenda en calidade de propietario, arrendatario, usufructuario ou calquera outro título en dereito que permita o seu uso e gozo, salvo cando concorran algunha das seguintes circunstancias:
 - I. Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada.
 - II. Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafuzamento xudicial ou administrativo non imputable ó interesado ou ben ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia de situacións de urxencia ou remodelación que impliquen a perda da vivenda.
 - III. Habitar unha vivenda a título de arrendatario/a sempre que a renda desta sexa superior á establecida legalmente para as vivendas de promoción pública.

A concurrencia dalgunha das circunstancias anteriores deberase acreditar documentalmente.

2. Asimesmo, ós anteriores requisitos para tomar parte no procedemento e solicitar o dereito á adxudicación do arrendamento das vivendas de conformidade co disposto nestas Bases, engádense os seguintes:

- D. Estar empadroadado no termo municipal de Mos cunha antigüidade de tres anos ininterrompidos e

inmediatamente anteriores o día de inicio do prazo de admisión de solicitudes.

E. Estar ó corrente de todas as obrigas tributarias co Concello de Mos; Tamén se entenderá estar o corrente cando teñan recoñecemento de aprazamento de débeda e xustificación de pago dos prazos vencidos.

F. Para os pisos **E2 Baixo B** e **E1 Baixo B** (3 dormitorios) a unidade familiar debe de estar formada por un mínimo de 4 membros, e para o piso **E1 1ºB** (de 4 dormitorios) por un mínimo de 5 membros.

Aos efectos de cómputo ás unidades familiares monoparentais se lles sumará un membro mais

3. Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes de participación no presente procedemento .

III- PROCESO DE ADXUDICACIÓN

OITAVA.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. Os interesados en participar no procedemento de selección de adxudicatarios presentarán a súa solicitude no modelo que se achega nas presentes bases (Anexo I), non podendo presentarse máis que unha solicitude por cada unidade familiar. De presentarse máis dunha solicitude por unha mesma unidade familiar serán excluídas todas elas do proceso de adxudicación.
2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, nos lugares que no seu caso se habiliten ó efecto e, en todo caso, nos rexistros ós que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.
3. O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMA.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. Para acreditar o cumprimento das condicións requiridas na base sexta, os interesados achegaran á solicitude os seguintes documentos:

- A. Fotocopia do D.N.I. do solicitante, de cada un dos membros da unidade familiar ou convivencial e, no seu caso, do Libro de Familia.
- B. De non autorizar a Administración para recabar a información necesaria, certificado municipal de empadronamento do solicitante e das persoas que convivan con él, así como certificado de débedas ca facenda local de Mos.
- C. No caso de atoparse nalgunha das excepcións ó artigo 10.1.3 do Decreto 253/2007, recollidas na base sexta (C.I, II e III), documentación acreditativa de tales circunstancias.
- D. Documentación acreditativa do cumprimento da condición esixida no artigo 10.1.1 do Decreto 253/2007, relativa á inscrición no Rexistro de Demandantes de Vivendas de Promoción Pública.
- E. Xustificante de ingreso dos seis últimos meses de tódolos membros da unidade familiar , dependendo da natureza do ingreso nóminas, certificado de pensións ou prestacións.
- F. Vida laboral de tódolos membros , en tódolos casos salvo no de pensionista de xubilación.
- G. Declaración da Renda ou Certificado Negativo de Facenda con prazo vencido na data de publicación destas bases, sen prexuízo de que o tribunal poida solicitar outros documentos co fin de aclarar datos que conteña ésta e poidan afectar os seis meses anteriores a publicación das bases.
- H. De ser o caso, convenio regulador de nulidade, separación ou divorcio, ou da sentenza na que se acredite que o solicitante non ten uso da vivenda familiar.

No caso de familia monoparental , libro de familia , certificado de defunción no caso de falecemento dun dos pais, convenio regulador ,medidas provisionais ou medidas paternos filiais e económicas. No seu caso denuncia/sentencia por impago de pensión alimenticia

DÉCIMO PRIMEIRA.—PROCEDEMENTO

1. Unha vez analizadas polos Servizos Sociais as solicitudes presentadas, procederase a elaboración e publicación dun listado de solicitantes admitidos e un listado de solicitantes excluídos.

Serán excluídas as solicitudes que non se axusten o modelo que se achega como Anexo I das presentes bases, así como aquelas cuxa documentación resulte incompleta para acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados na Base sexta.

Os solicitantes excluídos poderán emendar os defectos de documentación observados no prazo de dez días hábiles dende o día seguinte ó de publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Mos. Se os interesados non subsanasen as deficiencias dentro do prazo concedido ó efecto entenderase que desisten da súa solicitude.

En ningún caso se poderá achegar no prazo de emendas documentación ou acreditacións de requisitos que non resultasen cumpridos o último día do prazo para a presentación de solicitudes.

3. Analizadas as alegacións presentadas e, no seu caso, subsanados os erros detectados, o órgano competente do Concello aprobará un listado de solicitantes admitidos definitivamente no proceso de adjudicación. Os listados definitivos de admitidos e excluídos, numerados correlativamente por orden alfabético, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal

4. A selección dos adjudicatarios do dereito a arrendamento das vivendas realizarase mediante sorteo público ante o Secretario Municipal, que terá lugar no día e hora indicado polo Concello a través dun anuncio publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Mos, ó menos con 48 horas de antelación, sen prexuízo de utilizar outros medios adicionais de publicidade.

A asistencia ó acto do sorteo será libre, ca única limitación do aforo do local.

O número asignado no listado definitivo a cada solicitante será o número que lle corresponda para o sorteo. Para a selección dos adjudicatarios de cada vivenda, efectuarase o sorteo mediante a extracción aleatoria de bolas inseridas nun bombo, de acordo cas regras que se expoñen a continuación: (sería mellor dous sorteos , primeiro sortear os pisos de 3 dormitorios entre tódolos solicitantes, e despois sortear o piso de 4 dormitorios entre os solicitantes que teñan un mínimo de cinco membros , tal e como pon os requisitos nas bases)

Extracción da cifra correspondente á unidade: realizarase mediante a extracción aleatoria dunha bola de entre dez numeradas correlativamente do 0 ó 9.

Extracción da cifra correspondente á decena: realizarase mediante a extracción aleatoria dunha bola de entre dez numeradas correlativamente do 0 ó 9.

Extracción da cifra correspondente á centena: realizarase mediante a extracción aleatoria dunha bola de entre dez numeradas correlativamente do 0 ó 9.

No caso de ser necesario, en función das solicitudes recibidas, procederase a extracción da cifra correspondente á unidade de mil, mediante a extracción aleatoria dunha bola de entre o número de bolas necesario para que o sorteo se adecue o número de solicitudes presentadas.

O primeiro dos adjudicatarios eleixirá unha das 3 vivendas, o segundo adjudicatario procederá a eleixir unha das 2 vivendas restantes, correspondendo ó terceiro adjudicatario a última das vivendas.

A continuación procederase á confección dunha lista de reserva con dous solicitantes por vivenda do xeito indicado para o sorteo dos adjudicatarios.

IV.—CONTIDO DA RELACIÓN ARRENDATARIO-CONCELLO

DÉCIMO SEGUNDA.—DURACIÓN DO CONTRATO

1. O contrato de arrendamento, tal e como preceptúa o artigo 25 do Decreto 253/2007, terá unha vixencia de

cinco anos prorogables por períodos anuais. En todo caso, estará prohibido a cesión ou subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar a resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións que, no seu caso, correspondan.

DÉCIMO TERCEIRA.—CONTIDO DO CONTRATO.

1. Conforme ó disposto no artigo 27 do Decreto 402/2009, os contratos de arrendamento deben recoller de xeito específico as seguintes cláusulas:

- a) Que o subarrendamento total ou parcial da vivenda dará lugar á resolución do contrato.
 - b) Que a vivenda se entrega ca alta nos servizos básicos de auga, gas e/ou electricidade.
2. Asimesmo, farase constar no contrato de arrendamento as seguintes cláusulas:

- a) A renda que corresponda satisfacer ó arrendatario.
- b) A obriga do arrendatario de manter a vivenda en perfecto estado de conservación.
- c) A prohibición do arrendatario de non realizar ningún tipo de obras, sen previo consentimento escrito do Concello, agás aquelas reparacións que fosen necesarias.
- d) A obriga da persoa arrendataria de asumir os gastos de comunidade e os consumos de suministros que correspondan.

DÉCIMO CUARTA.—DEPÓSITO DAS FIANZAS DOS ARRENDAMENTOS DE VIVENDAS

1. Para levar a cabo o contrato de arrendamento de vivenda será obrigatoria a prestación pola persoa arrendataria dunha fianza en metálico. A fianza equivalerá a unha mensualidade de renda e, durante os cinco primeiros anos de duración do contrato, non estará suxeita a actualización.

DÉCIMO QUINTA.—RESOLUCIÓN DO CONTRATO

1. En virtude do disposto no artigo 45 do Decreto 253/2007, son condicións resolutorias do contrato as seguintes:

- a) A non ocupación das vivendas adxudicadas no prazo dun mes, nos termos establecidos na normativa vixente.
- b) Non destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente do adxudicatario.
- c) O subarrendamento da totalidade ou parte da vivenda adxudicada, así como a súa cesión por parte do adxudicatario, incluso a título non oneroso.
- d) O feito de que o adxudicatario dispuxese doutra vivenda no momento da sinatura do contrato, así como o falseamento dos datos da unidade familiar.
- e) A falta de pagamento das rendas do aluguer e demais cantidades que lle corresponda pagar ó adxudicatario de acordo co establecido no contrato de arrendamento.
- f) A realización de obras que alteren a configuración da vivenda ou menoscaben a seguridade do edificio, así como causar deterioros graves no edificio, nas súas instalacións ou nos servizos complementarios.
- g) O incumprimento da obriga de conservación e mantemento da vivenda arrendada.
- h) O desenvolvemento na vivenda arrendada ou no resto do inmovible de actividades prohibidas nos estatutos das comunidades ou que contraveñan as disposicións xerais sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

DÉCIMO SEXTA.—RESPONSABILIDADES

1. A falsidade nos datos achegados ou o incumprimento das condicións contidas nestas Bases por parte dos solicitantes ou polos adxudicatarios do dereito ó arrendamento da vivenda dará lugar á exclusión do proceso de selección ou, no seu caso, a revogación do dereito ó arrendamento de vivenda, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que poidese incorrer e da súa obriga de resarcir os danos e prexuízos causados.
2. No caso de perda do dereito á adquisición da vivenda ou renuncia do titular ó devandito dereito, resultará adxudicatario o solicitante que por quenda corresponda da lista de reserva a que se refire a base décimo

primeira.

ANEXO I- MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE DE VIVENDA DE ALUGUER DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITUADAS NA URBANIZACIÓN DE SAN ELEUTERIO

1. Datos persoais do/a Solicitante

Nome e Apelidos :

DNI :

Dirección :

Teléfono:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR PARA OS EFECTOS DE SOLICITUDE DE INCRIPCIÓN NO REXISTRO DE DEMANDANTES DE VIVENDA E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR AS ACREDITACIÓNS REFERENTES A PADRÓN, INGRESOS E DÉBEDAS.

Solicitante e membros unidade familiar (especificar parentesco)	Nome e Apelidos	DNI /NIE	Data de nacemento	Estado Civil	Sinatura de quen autoriza

Lugar e Data

Mos, de de 2014.

ANEXO II.—CUANTÍA DA RENDA ANUAL DE VIVENDAS EN ALUGUER

PREZOS DE RENDA ANUAL DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

INGRESOS FAMILIARES PONDERADOS PREZO DE RENDA ANUAL POR M2 ÚTIL DE VIVENDA CON ROCHO E GARAXE

< 1,5 veces o IPREM	17,06 €/m2
Entre 1,5 veces e 2 veces o IPREM	19,90 €/m2
Entre 2 veces e 2,5 veces o IPREM	22,74 €/m2

1. A renda non inclúe os gastos de comunidade, nin os correspondentes aos consumos de suministros producidos nas vivendas.
2. IPREM: Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples.
3. Os prezos finais serán o resultado de multiplicar, en función dos ingresos familiares do cadro anterior, o correspondente prezo por metro cadrado anteriormente indicado pola superficie útil da vivenda adxudicada.
4. Cálculos realizados segundo establece o Decreto 253/2007 de 13 de decembro de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IgVS e a Resolución de 29 de decembro de 2009 pola que se establece a contía do Módulo Básico Nacional 2010.

Segundo.- Convocar publicamente un proceso de selección de adxudicatarios conforme ás referidas Bases, concedendo para a presentación de solicitudes un prazo de 60 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da provincia.

Terceiro.- Dispoñer a publicación do presente acordo e das mencionadas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (www.concellomos.es).

Cuarto.- Informar que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal, ou, no prazo de dous meses, contencioso administrativo perante ao Xulgado do contencioso-administrativo.

8. Aprobación da concesión de medallas de Mos.

Antes de iniciar o tratamento do asunto, Procedese a súa ratificación despois de que pola Presidencia se explica a necesidade da súa inclusión na Orde do Día, xa que non foi ditaminado pola comisión informativa aínda que si foi tratado.

O Sr. Parada Fernández pide que se voten por separado, o motivo é a do mérito empresarial na que se absterían. Comunica ademais que o seu compañeiro García Morgadas non votará neste punto por razón de parentesco con un dos homenaxeados.

O Sr. Aldea Moscoso manifesta que a entrega de concesión de mallas non ten sentido hoxe en día, que se absterán aínda mais sabendo que se vai facer no auditorio de Torroso, e non nas instalacións municipais.

A Sra. Cebreiro Alonso di que a decisión do seu grupo en facer a votación en conxunto, con respecto ao auditorio que é o mesmo que cando se fan cousa no Pazo.

Tras o debate, pola presidencia, sometese o acordo a votación ordinaria, e por maioría, cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) , e coa abstención do P.S.deG.-P.S.O.E.(4) e do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Incoar expediente destinado á concesión de catro Medallas de Prata e tres de Bronce do Concello de Mos a:

- Medalla de Prata o mérito empresarial a Pili Carrera.
- “ “ “ Social á Asociación Contra o Cancro (AECC) de Mos.

- “ “ “ Deportivo ó Club de Natación de Mos.
- “ “ “ Cultural á Rondalla de Santa Eulalia de Mos.
- Medalla de Bronce a D^a. María Carrera Rodríguez, Ex Presidenta de ASODIFISI.
- “ “ a D^a. María Morgadas Morgadas, Ex Presidenta de AECC.
- “ “ a Don Ramón Doniz González, Ex Presidente do Club Louro

Segundo.- Someter o expediente a información pública co fin de que por calquera interesado se poidan facer as alegacións ou suxestións que se teñan por oportunas, nun prazo de 10 días naturais contados a partires do seguinte á publicación do correspondente anuncio.

Terceiro.- Entender definitivamente adoptado o acordo de concesión das referidas Medallas no caso de que non sexan presentadas alegacións ou suxestións durante o prazo conferido ao efecto.

Cuarto.- Delegar a instrución do procedemento na funcionaria encargada do departamento de cultura, Dona María González Núñez.

(Neste punto non votou o Sr. García Morgadas do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E. por razón de parentesco)

9. Aprobación da modificación do escudo de Mos.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Cultura, Turismo e Deportes, celebrada o 22 de maio de 2014.

O Sr. Parada Fernández di que van votar a favor pero que hai que valorar o custe económico e facer pouco a pouco os cambios que se necesitan.

O Sr. Aldea Moscoso manifesta que se van abster xa que non lle atopan moito sentido.

A Sra. Alcadesa di que o Concello é unha institución coa súa historia e a súa cultura que hai que respetar e que senón ten sentido ser concelleiros; sobre o custe económico di que non se trata de cambiar todo de repente senón cando haxa que facer compras tanto de roupa dos traballadores como de papelería polo que non suporá gasto extra ningún.

A continuación pola presidencia, sometese o acordo a votación ordinaria, e por maioría, cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) e do grupo do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e coa abstención do grupo municipal do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobación da proposta de escudo municipal da Comisión Heráldica.

Segundo.- Iniciar o trámite de información pública durante o prazo dun mes, mediante publicación no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de edictos.

10. Resolucións Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

11. Comunicacions de Alcaldía.

A Alcaldesa comunica que:

- O 6 de xuño a Asociación Nosa Terra de Pereiras invita a toda a Corporación a presentación dun libro de Ruben Pintos Martínez
- A Corporación está convidada a festa do pulpo de Cela para o vindeiro domingo 8 de xuño
- O vindeiro 14 de xuño inaugúrase o novo Centro cultural de Torroso a que están todos invitados.
- Sobre a festa da Rosa xa todos teñen a invitación, na que figuran todos os actos.
- A Deputación Provincial está facendo un proxecto de mellora integral da estrada de Peinador ao Rebullón.

A continuación dálle a palabra ao concelleiro delgado de deportes, Sr. Táboas Moldes que:

- Informa que o sábado día 31 hai un campionato escolar provincial de Kung Fu.

12. Rogos e preguntas.

Abre a quenda o **Sr. García Morgadas**, dicindo que lle chama atención que haxa tantas facturas para pagar este mes e que hai moitas fora do presuposto.

A Alcaldesa di que non pode ser, xa que son facturas que están dentro dos gastos correntes.

Pregunta se un peche que se está a realizar ao lado do Campo de fútbol de Cerqueiras cumpre co retranqueo legalmente establecido.

Responde a Alcaldesa, que non se trata dun peche senón de que o propietario tiña unhas pedras na finca e sacounas para fora pero que se lle advirte de todas maneiras que ten que darlle para atrás.

Manifesta que o tema do abastecemento e saneamento non está ben feito.

O Concelleiro delegado contesta que todo veciño ten dereito de pasar pola oficina do Consorcio para comprobar do seu recibo.

A Alcaldesa di que a taxa de verquido é o que incrementa o recibo.

O Sr. Parada Fernández di que o queren que queda de manifesto é que os veciños lles transmiten a impresión que os recibos lle viñeron de golpe sen que souberan o que van pagar.

A Alcaldesa di que non teñen inconvinte en facer unha comisión de seguimento con representación de tódolos grupos municipais.

O Sr. Parada Fernández di que urxente decidir que se vai facer o ano que ven porque aínda non se sabe.

Responde o concelleiro delegado, responde que quere facer unha reunión coas traídas de augas e ver como se pode solucionar este problema.

O Sr. Aldea Moscoso quere recordar que o seu grupo que presentou unhas alegacións cando foi da aprobación das ordenanzas na que se incluía una sobre a retrotractividade.

Responde o Concelleiro que se esta negociando co xerente do Consorcio.

O **Sr. Parada Fernández**, pregunta si hai novidades no estado da nave de Campos.

A Alcaldesa dálle a palabra a o secretario que di que se acordou na Xunta local de goberno a desestimación do recurso e agora o Concello empezou a elaborar o proxecto de demolición.

Si as obras que están facendo arredor do Pazo son unha contraprestación por facer os Plenos no Concello. Responde a Alcaldesa que se trata dunha colaboración como con calquera asociación.

A **Sra. Rodríguez Lorenzo** roga que se faga algo coas antiga escola de Louredo xa que está en estado de total abandono.

Pregunta si hai traballadores do Concello con horario de tarde.

Explica a Alcaldesa que si, que cando se contrataron os últimos 15 traballadores fíxose un reparto para que o camión municipal poidese traballar mañá e tarde.

Si houbo unha emerxencia na parroquia de Mos o Sábado día 10 de maio, xa que estaban en Mos os operarios municipais traballando ás once da noite.

Responde a Alcaldesa que descoñece o tema.

Comunica que na estación de bombeo de Arrufana verte continuamente o río.

O Concelleiro delegado de saneamento responde que lle comunicará ao consorcio para que o vexan

Pregunta si a empresa que ten contratada para a limpeza de camiños tamén ten que limpas as cunetas e si hai alguén que comprobe o traballo, xa que hai sitios que hai montóns sen recoller.

Responde a Alcaldesa que si e que o comproba o arquitecto municipal todas as semanas e que si houbo queixas e que se falou coa empresa e que o están corrixindo.

Roga que se bachee o camiño de Queirón a Cortiñas.

A **Sra. Pérez Ucha**, pregunta cando os de Olegario Rodríguez poden solicitar o saneamento.

Responde o Concelleiro delegado Sr. Augusto Martínez, di que agora que hai autorización da AP-9, cambiaron os técnicos e con eles os criterios para o pase, pediron nova documentación e envióselle e estamos a espera de contestación.

O **Sr. Guisande Alonso** roga que se coloquen unhas bandas no camiño da Candosa.

Roga un espello no camiño da Serra.

Roga que si se asfaltan camiños en Sanguñeda que se lle avise con antelación.

O **Sr. Aldea Moscoso**, roga si se podería elevar un paso de peóns do Centro de saúde e tamén o que hai preto do CDL.

Roga que a policía local controle a saída e entrada dos colexios privados tanto de Cela como no de Tameiga, xa que os pais ocupan os camiños municipais.

A **Sra. Vila Blanco**, pregunta se si limparon o camiño do Cabezal.

Responde o Concelleiro de limpeza viaria que si.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levantou a sesión sendo as dezanove horas e coarenta minutos do vinte e nove de maio de dous mil catorce, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa
Visto e prace

Nidia M^a Arevalo Gómez

O Secretario Acctal.,

Victor Rodríguez Pérez

